

guía de **PRODUTOS** **BANCARIOS** para o **inmigrante**



ADICAE
GALICIA

Asociación de Usuarios de Bancos,
Caixas de Aforros e Seguros de Galicia

Gabinete de Estudos Técnicos

**Pertencer a unha
asociación de
consumidores e
usuarios é un
orgullo cidadán e
un seguro social
rendible**

**¡Faite membro da
Asociación de
Usuarios de Bancos,
Caixas de Aforros e
Seguros!**

ADICAE Galicia

Rúa Oidor Gregorio Tovar, 25 - 1º

15007 A CORUÑA

Tfno. 981 153 969

Fax. 881 927 603

galicia@adicae.net

www.adicae.net/galicia

Delegacións ADICAE-GALICIA:

LUGO: Plaza Santo Domingo, 3 2ºA (27001)

Tfno. 982-230658; **PONTEVEDRA:** Marqués de
Riestra, 34 2ºC (36001) Tfno. 986-101003;

SANTIAGO DE COMPOSTELA: Rosalía de
Castro, 124 4º B (15706) Tfno. 981-521526

SUMARIO:

¿Como escoller o meu banco e os meus produtos bancarios? **4**

¿Como podo abrir unha conta corrente ou unha libreta de aforro, se son estranxeiro? **6**

Utiliza as tarxetas bancarias, pero con coidado **7**

Os produtos bancarios fannos a vida máis fácil **8**

¿Como enviar cartos ó meu país de orixe? **10**

Envío de diñeiro a través de establecementos non bancarios **11**

Pedir diñeiro emprastado **12**

Escolle só os seguros que necesites **14**

Atrévete a reclamar en Galicia **15**

EDITA



ADICAE Galicia

Asociación de Usuarios de Bancos,
Caixas de Aforros e Seguros de
Galicia

Patrocinado por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

IGC - Instituto Galego de Consumo
**Xunta de Galicia - Consellería de Innovación
e Industria**

Os inmigrantes convertémonos en novos e interesantes cliente para os Bancos e Caixas de Aforros

Cada día, nas cidades do estado español, vivimos máis persoas de diferentes razas, culturas e nacionalidades. Os bancos e Caixas de Aforros obsérvannos á poboación inmigrante xa que estamos acadando cifras moi importantes, ó igual que sucede cos nosos recursos económicos. En España a cifra de inmigrantes con permiso de residencia pasou de 719.647 persoas en 1.998 a 1.647.011 en 2.003. En Galicia existían 53.808 estranxeiros legalizados en 2.003, un 26,72% máis que só un ano antes, en 2.002, o que representa un 1,96% da poboación total.

Os Bancos e Caixas convertéronnos ós inmigrantes nos seus clientes potenciais para o aforro, a financiación, os servizos bancarios e especialmente para as comisións que os acompañan.

Provimos de Sudamérica, do norte de África, do centro de Europa e de Asia, pero o perfil de todos nós é común:


- Levamos poucos anos de residencia neste país e descoñecemos o funcionamento das entidades bancarias e dos produtos financeiros.

- O noso poder adquisitivo acostuma a ser reducido, polo que demandamos servizos tan específicos como o envío de remesas de cartos ós nosos países, o uso de transferencias ou a apertura de contas correntes ou libretas de aforro; tamén, e cada vez máis, solicitamos financiamento para a compra de bens ou para a adquisición da vivenda.

- O idioma, en moitas ocasións, supón un atranco engadido á hora de recibir información sobre os produtos e servizos. Sempre hai que evitar contratar aquilo que non entendemos.

No ámbito financeiro os que vimos de fóra somos especialmente vulnerables ante calquera tipo de práctica abusiva por parte das entidades financeiras. As asociacións de consumidores como ADICAE pódennos axudar a coñecer e defender os nosos dereitos como consumidor.

Esta guía preséntase ós inmigrantes co propósito de servirles de ferramenta práctica para empregar de xeito adecuado os servizos financeiros e coñecer os seus dereitos como consumidores.



¿Como escoller o e os meus prod



Contas e libretas de aforro



Transferencias

Empregar os servizos bancarios é unha das primeiras necesidades cotiás. Para os inmigrantes os servizos bancarios non son só necesarios senón que ademais poden abaratar os custes dalgúñas operacións habituais (envío de diñeiro ó estranxeiro, troco de divisas, etc.)

Estas operacións, xunto con outras como a custodia do propio diñeiro ou pedir cartos emprestados, pódense realizar de costas ó sistema bancario pero resultaralles moito máis económico, cómodo e seguro escoller un banco ou caixa de aforros á medida das súas necesidades.

Por exemplo, empregar unha tarxeta de crédito como medio de pago pódelle aforrar comisións ó evitar facer demasiados trocos de divisas, especialmente cando estes trocos fanse fóra de establecementos financeiros. Ou sinxelamente realizar o troco de divisas na entidade financeira resultará máis barato que facelo noutras entidades.

Nembargante, ser cliente dun Banco ou Caixa de Aforros tamén vains facilitar o acceso a moitos produtos de financiamento que poden fomentar o noso endebedamento. Decida se realmente necesita os cartos para facer algún tipo de investimento ou gasto importante e sobretudo conte con poder devolvelo con xuros nun futuro próximo.

Escoller un banco é como elixir un traxe, mire o que mellor lle resulta para o que vos tede quere facer con el e escolla o máis eficaz e máis barato.

Busca unha entidade bancaria á medida das túas necesidades

Recibo o meu soldo e quero depositalo nalgún lugar por seguridade pero ó mesmo tempo dispor del en calquera intre, e ademais necesito unha conta bancaria para pagar o auga e a luz da miña casa. O produto ideal son as LIBRETAS DE AFORRO, de calquera Banco ou Caixa.

Permítenlle o ingreso de cheques e a domiciliación da nómina. Para abrialas abonda con facer un ingreso inicial e identificarse co pasaporte e a tarxeta de residencia. Pode dispor do seu diñeiro a través das oficinas da entidade e da rede de caixeiros. Procure aforrar en comisións, escolla unha entidade cunha rede de oficinas que se axuste ás súas necesidades, nacional se viaxa por España ou da Comunidade Autónoma se non soe facelo.

Cheguei a España para traballar e poder enviarlle cartos á miña familia que está no meu país. Quero enviar unha cantidade de diñeiro todos os meses cada vez que cobre o meu soldo. Se a persoa á que desexa enviar os cartos ten aberta unha conta ou libreta no seu país, o servizo máis barato é unha transferencia internacional dende unha conta ou libreta de aforro aberta nunha enti-

meu banco utos bancarios?

s internacionais

Seguro do automóbil

Empréstimo hipotecario



dade bancaria española. (Solicita información ó banco de destino acerca de se mantén algún convenio especial con algunha entidade financeira española). Se a persoa á que enviamos os cartos non ten unha conta bancaria, existen as entidades chamadas remesadoras que lle permiten o envío inmediato de diñeiro a outros países, pero resultan máis caras nas súas comisións. Estas entidades non son entidades financeiras (aínda que os bancos e caixas tamén prestan este servizo) e por este motivo resultan menos seguras. En todo caso, deberás asegurarte de que os cartos cheguen integramente ós seu destino e que as comisións cóbrense no momento do envío.

◆ Teño unha conta corrente pero os meus viaxes e o meu horario de traballo obríganme a realizar pagos e dispor de diñeiro en calquera lugar. Asociadas ás contas correntes existen as TARXETAS FINANCIERAS, que lle permiten pagar en establecementos ou dispor de diñeiro en efectivo nos caixeiros. As tarxetas de débito son idóneas para dispor dos nosos cartos en caixeiros e as de crédito para realizar compras cun aprazamento mensual no pago. Recomendamos contar con máis dunha tarxeta bancaria por seguridade (roubos, perda, caducidade, etc.) Ademais todos os bancos e caixas de aforros permiten agora realizar operacións a través da Internet ou por teléfono. Contrata estes servizos para estar ó tanto dos teus aforros e dos teus pagos en calquera lugar.

Son un traballador autónomo e teño que realizar pagos ás fábricas onde merco o material, pero non quero pagar en efectivo. Precisas unha **CONTA CORRENTE**, xa que te permite dispor dun talonario de cheques de fácil manexo. Igualmente para aprazar o pago permítese o uso de pagarés. Tamén podes domiciliar os pagos dando o teu número de conta ós provedores e que estes pasen os seus recibos directamente á túa conta. Pero faga un seguimento dos recibos que paga na súa conta, non permita que lle pasen cobros indebidos e saiba que ten sempre 15 días para devolver calquera recibo.

Cos meus ingresos podó satisfacer as miñas necesidades e as da miña familia e aínda así sóbrame algo de diñeiro. Os Bancos e Caixas de Aforros ofrecen unha serie de produtos para investir ese diñeiro. Hai uns produtos de maior e outros de menor risco. Exemplos son os Depósitos Fijos, imposicións a prazo, depósitos estruturados. Pódese tamén investir en Fondos de Investimento, en Débeda Pública, en Bolsa... É importante coñecer de antemán as comisións en caso de necesitar recuperar os cartos nun breve espazo de tempo.



¿Como podo abrir unha conta corrente ou unha libreta de aforro, se son estranxeiro?

As contas correntes e as libretas de aforro son contratos de depósito que poden ter un ou varios titulares, sendo neste caso a dispoñibilidade indistinta (calquera dos titulares pode dispor da totalidade do efectivo) ou mancomunada (requírese a sinatura conxunta de ambos titulares para dispor dos fondos). ADICAE recomenda que sempre figure un titular que teña permiso de traballo ou residencia para evitar calquera tipo de incidencia.

As características destes produtos son as seguintes:

Contas Correntes :

- Susténtanse en informes de apuntes que a entidade financeira remite mensualmente ó domicilio do titular, non nunha libreta.

- Permiten o descuberto en conta.

- Permiten a utilización do talonario de cheques.

Libretas de Aforro :

- Susténtanse documentalmente nunha libreta que nos permite actualizala á nosa vontade.

- Non permite o descuberto.

Para os inmigrantes con problemas coa lingua e cambio de domicilio habituais ADICAE recomenda a contratación de LIBRETAS DE AFORRO que podemos

actualizar nós mesmos en calquera caixeiro. Estes produtos xeran unhas comisións, sendo as máis usuais as comisións de mantemento, de administración, comisión por inactividade e comisión por descuberto. **NON DEIXE QUE LLE COBREN OUTROS GASTOS** baixo o nome de comisións **comisións SE NON RESPONDEN Á PRESTACIÓN DUN SERVIZO.**

NON SEMPRE SE PODE DISPOR Ó INSTANTE DUNHA CANTIDADE QUE FOI INGRESADA OU TRANSFERIDA. No caso de cheques e transferencias procedentes da mesma entidade, ingrénanse o mesmo día. Os cheques e transferencias procedentes de distinta entidade, ingrénanse o segundo día hábil.

No caso de residentes, requiriráselles a tarxeta de residencia, chegando a admitirse por parte dalgunhas entidades simplemente a exhibición do pasaporte, como documento identificativo, para o caso de inmigrantes que aínda non regularizaran a súa situación no país. Nestes casos, ADICAE propón que se inclúa como titular ou dispoñente a outra persoa de extremada confianza que si teña tarxeta de residencia para que poda recuperar os fondos ante calquera contratiempo. Será necesario cubrir tamén unha declaración de residencia fiscal.



Descuberto en conta corrente

- Cóbrase un xuro, que non pode ser superior a dúas veces e media os tipo de xuro legal do diñeiro.

- Cóbrase a chamada "comisión por descuberto", cuxa existencia foi cuestionada polo Servizo de Reclamacións do Banco de España posto que xa vai incluída no xuro por descuberto. Esta comisión non pode cobrarse ós consumidores, só pode cobrarse nas contas correntes empregadas nun negocio e sempre que estea prevista no contrato.



Utiliza as tarxetas bancarias, pero con coidado

As tarxetas bancarias son un medio de pago mediante o cal o seu dono pode dispor de diñeiro en efectivo en calquera momento e adquirir bens e servizos nos establecementos que estean adheridos á rede da tarxeta. Esta é persoal e intransferible. Hai dous tipos de tarxeta: de débito e de crédito.

■ TARXETAS DE DÉBITO

A súa finalidade é obter diñeiro en efectivo a través dun caixeiro automático. É necesario ter unha conta corrente aberta nunha entidade e saldo positivo na mesma. Tamén pódese pagar nos establecementos que estean adheridos á rede da tarxeta. Así mesmo, pódense realizar ingresos e mesmo transferencias a través do caixeiro con elas. O seu custe é mínimo, cobrándose na maioría dos casos unha comisión por emisión e por disposición de efectivo neutros caixeiros que non pertencen á rede.

■ TARXETAS DE CRÉDITO

A súa principal función é a de poder realizar compras aprazando ou fraccionando pagos, aínda que tamén pódese empregar como tarxeta de débito nalgúns casos. Concédese en función da solvencia do usuario e nunca de forma inmediata. O seu custo de emisión e por operación é máis elevado que o das de débito, aínda que as compras non soporitan ningún tipo de comisión.

■ TARXETAS MULTIPAÍS

Son de nova implantación no noso país e consisten en máis dunha tarxeta prepago (é dicir, non soen conceder fondos a crédito), asociada a unha mesma conta corrente, para que poida ser empregada por un titular en España e outro en calquera país. Deste xeito pódese enviar a tarxeta a outra persoa no país de orixe para que a utilice ata o límite que nós carguemos na tarxeta, servindo para substituír os envíos de diñeiro.

E se me rouban a tarxeta...

Se perde ou róubanlle a tarxeta de crédito, denúncielo e chame ó número que o seu banco deulle para estes casos cancelando a tarxeta, tome nota da hora e do operador que lle atendeu. A partir desá chamada vostede dispénsase da responsabilidade polas operacións fraudulentas que poidan producirse.

No caso de que xa se realizaran operacións fraudulentas coa súa tarxeta, non permita que lle responsabilicen de compras realizadas coa tarxeta en comercios, xa que estes deben esixir a identificación para empregar a tarxeta.

Precaucións coas tarxetas

■ Non levar nunca o código PIN enriba. Memorizádeo e destruídeo ou ben gardade copia nun lugar moi seguro.

■ Amosar sempre o seu DNI nas compras con tarxeta.

■ Non tirar nunca en calquera lugar os tickets ou recibos xerados polo uso da tarxeta. Contéñen datos importantes.

■ Teña á man o número de comunicación de incidencias da súa tarxeta e comunique de inmediato á súa entidade bancaria calquera incidente.

■ Revise con periodicidade os movementos das súas extraccións coa súa tarxeta: así evitará cargos indebidos, erros ou movementos estraños.

■ Nunca empregue a súa tarxeta pola Internet se non está completamente convencido da seguridade do sitio web.

Os produtos bancarios fan

Pero debemos coñecer ben as súas carac

EMPRÉSTITOS E CRÉDITOS

■ **Empréstito persoal e crédito ó consumo** : Estes produtos só se utilizan para comprar coches, mobles, electrodomésticos, etc. Asegúrese de que o que merca estea en perfectas condicións porque calquera defecto ou reclamación sobre o ben non evitará o pago completo do empréstito. ADICAE recomenda non empregar estes créditos para pagar servizos continuados (por exemplo, cursos) senón pagalos mes a mes directamente ó que presta o servizo.

■ **Crédito hipotecario** : É un empréstito para case toda a vida. Medite ben a decisión e pida asesoramento a unha asociación de consumidores independente como ADICAE. A garantía principal de pago é a propia vivenda pero recorde que responden do pago total do crédito todos os titulares. Se un ou varios deles néganse ó pago das cotas, os demais terán que pagalas ó completo.

■ **Tarxetas de crédito, débito, compras e servizos** : Adquiríaaas só se realmente as precisa, modere a súa utilización e vixie as comisións e as posibles subtraccións das tarxetas.



SERVIZOS BANCARIOS

■ **Domiciliación de nóminas** : Xeraralle vantaxes e regalos. É recomendable domicilialas pero compare as condicións entre varias entidades.

■ **Domiciliación de recibos** : Soen esixilo as compañías eléctrica e da auga. Evita despistes á hora de pagar outros como alugueres, comunidade e impostos. É preciso ter unha libreta ou conta corrente aberta con anterioridade. **PODE DEVOLVER CALQUEIRA RECIBO ANTES DE 15 DÍAS.**

■ **Transferencias e ordes de pago** : Predominan as internacionais. Asegúrese da cantidade de diñeiro que recibe o destinatario e que non lle cobren outras comisións.

■ **Troco de divisas** : Compare entre varias entidades. As comisións poden variar moito dunhas a outras e, para cantidades altas, agarde o momento oportuno en que a cotización da súa moeda sexa o máis alta posible.

nos a vida máis fácil

terísticas para empregalos correctamente



AFORRO

■ **Libreta de aforro** : É útil para gardar o noso diñeiro, enviar transferencias, usar tarxetas bancarias e domiciliar recibos. Actualice a súa libreta periodicamente.

■ **Contas correntes** : O banco envíalle extractos ó seu domicilio. No caso de que se traslade, comuníquello o seu banco. Pode Utilizar talonario. Teña conta de non sobrepasar o saldo porque xeraría descubierto e xuros.

■ **Depósitos a prazo** : Existen moitas modalidades e soen atraer ó consumidor con regalos (vaixelas, bicicletas, DVDs., etc.). Pero pense que non son gratuítos. A cambio, vostede perderá os xuros do seu diñeiro que será retido durante moito tempo (soe ser máis barato mercar estes bens directamente cando realmente os precisa).

■ **Fondos de investimento, Bolsa e Débeda Pública** : O banco actúa como intermediario nos mercados de valores. Son produtos moi variados. Infórmese exhaustivamente antes de contratalos.

SEGUROS

■ **Seguros obrigatorios** : Teñen que ser contratados con entidades aseguradoras e non con bancos. Os máis destacados son o de automóbiles e motocicletas, de incendios ó contratar unha hipoteca e de caza se practica ese deporte.

■ **Outros seguros** : Quizais sen sabelo, ó contratar outro produto contratara un seguro. Revise as condicións dos produtos que contrate por se nun futuro tivera dereito a recibir vostede ou os seus herdeiros algún tipo de indemnización.

¿Como enviar cartos ó meu país de orixe?

TRANSFERENCIAS (envío de diñeiro a través de Bancos se son cliente)

Unha transferencia é unha orde de pago, unha operación mediante a cal o titular dunha conta, nun banco ou caixa, ordena que transfiran determinados fondos dende a súa conta a outra da mesma ou de distinta entidade. É necesario que o destinatario do diñeiro sexa titular dunha conta bancaria.

Tanto no caso de que se empregue como forma de pago como para enviar diñeiro a unha conta noutro país necesitaremos que nos dean os 20 díxitos do número de conta para poder transferir e o código IBAN.

Para realizala, o titular da conta debe cubrir o "impreso de solicitude de transferencia", aportando os seguintes datos: data, nome e domicilio do ordenante e conta de cargo, importe en cifra e en letra, entidade destinataria e sucursal, nome e domicilio do destinatario e conta de abono, así como a sinatura do titular ou ordenante.

En todo caso, ó facer unha transferencia a outro país hai que asegurarse de que cantidade entregárase á persoa que desexamos. Deberemos dicir claramente se os gastos da transferencia querémoslos pagar nós ou se pagaraos a persoa destinataria. Se non o indicamos cargaránlla á persoa que fai a transferencia. Na normativa europea o prazo máximo de tempo para a recepción do diñeiro está establecido en 5 días laborábeis.



Tipos de transferencias

- **Opción OUR** - paga as comisións o ordenante.
- **Opción BEN** - paga as comisións o receptor.
- **Opción SHA** - repártense as comisións entre o ordenante e o receptor.



Envío de cartos a través de establecementos non bancarios

Exemplo destes establecementos son Western Union, Money Gram, Giro Express. Estes establecementos deben ter unha autorización para realizar estas funcións. Normalmente, estes establecementos relaciónanse con Bancos para que todas as persoas, sexan clientes ou non, podan enviar diñeiro.

Na práctica, son as máis empregadas. As súas vantaxes con respecto ós bancos é que ofrecen horarios máis flexibles e as transferencias realízanse nun tempo récord. Pero non son todo vantaxes neste tipo de establecementos, xa que cobran unha serie de comisións en destino que fan diminuír o importe do transferido. Por este motivo deberemos asegurarnos da cantidade que recibirá o destinatario no seu país.

A cantidade máxima que se pode enviar ó beneficiario en efectivo é de 3.000

euros; en caso de que a cantidade sexa superior haberá que facelo por ingreso en conta.



Deberemos desconfiar das oficinas de troco de divisas que fan publicidade agresiva e que lle aseguran que non cobran ningún tipo de comisión, revisando nestes casos o tipo de cambio proposto, xa que dunha maneira ou doutra repercutiránolos gastos.

Troco de moeda

Consiste no intercambio de billetes e moedas estranxeiras polo seu equivalente en moeda nacional ou viceversa. Os establecementos que ofrecen este servizo deben estar inscritos no Rexistro de Establecementos Abertos ó Público para o troco de moeda a cargo do Banco de España.

A comisión, segundo indica o Banco de España é do 2 por 1000, cun mínimo de 6,01 euros nos seguintes casos:

- Por ingresos ou disposicións en euros con cargo a contas de moeda estranxeira

- Por traspaso entre contas de distinta moeda pertencen ou non ó mesmo cliente.

En todo caso, ADICAE propón que sempre informémonos con anterioridade a realizar a operación do tipo de troco que ten a divisa en cuestión nese intre, así como as comisións e gastos que se cobrarán polo cambio.

Deberemos desconfiar das oficinas de cambio de divisas que fan publicidade agresiva e que lle aseguran que non cobran ningún tipo de comisión, revisando nestes casos o tipo de troco proposto, xa que dunha maneira ou doutra repercutiránolos gastos.

Pedir diñeiro emprestado

CRÉDITOS PERSONAIS E Ó CONSUMO

Os créditos persoais son aqueles que se conceden ó individuo en atención a unha serie de variábeis, basicamente á súa solvencia (a súa capacidade para facer fronte a estas e outras obrigas monetarias). A diferenza principal cos créditos ó consumo é que se contratan para facer fronte ó pago de bens perecedoiros ou intanxíbeis (unha voda, unha viaxe, etc.). No noso caso, a documentación que se require é o permiso de residencia e de traballo como norma xeral, aínda que tamén valórase se somos clientes da entidade ou non.

ADICAE recomenda, no caso de que teñamos que acudir ó financiamento alleo para realizar calquera compra ou adquisición de bens ou servizos, que esollamos este produto financeiro no canto de recorrer ás tarxetas, xa que estas están concibidas para compras sinxelas e teñen tipos de xuro abusivos. Así mesmo, recorda que a publicidade das entidades é vinculante para elas.

As comisións posíbeis nestes produtos son a comisión de apertura, gastos de corretaxe, comisión de cancelación anticipada (que non poderá exceder do 1,5% do capital reembolsado anticipadamente en caso de tipo variable e do 3% para tipo fixo) e por descuberto da conta corrente.

Nos últimos anos, están a proliferar unha serie de sociedades que nos ofrecen créditos "Express" para obter ata 3.000 euros en 24 horas, tal e como di a

■ Qué nos van solicitar á hora de pedir un crédito

- Permiso de residencia e de traballo
- Ingresos
- Se é traballador por conta allea ou propia.
- Se solicitou outros créditos anteriormente e os pagou
- Propiedades

súa publicidade. ADICAE recomenda que se revisen as súas condicións detidamente para evitar o cobro duns xuros excesivamente elevados.



EMPRÉSTITOS HIPOTECARIOS

Compre informarse ben das condicións de cada un dos créditos que se ofrecen no mercado, valorando se contrátase a xuro fixo, variable, en cantos anos vaise reintegrar dito empréstito (en función dos ingresos dos que dispoña), etc. Resulta especialmente importante aclarar o significado do termo TAE (Taxa de Amortización Equivalente). Á hora de valorar o xuro que se lle aplica ós nosos créditos, haberá que ter en conta este dato, e non o do xuro, xa que a TAE recolle o tipo que se lle vai aplicar incluíndo os gastos e as comisións que cobre o banco.

Poden negociarse todas as cláusulas do empréstito. Estas non son fixadas soamente pola entidade financeira, o que lle outorga ó usuario unha marxe importante na negociación previa á sinatura.

Antes de formalizar o empréstito hai que taxar previamente a vivenda e ten que intervir un notario cuxos honorarios serán a conta do solicitante de dito empréstito. Estes profesionais poderemos elixilos nós como clientes, sen que poida a entidade de crédito dirixirnos a un en concreto.

Entre a documentación que se nos esixirá constarán as dúas últimas nóminas, a última declaración de impostos, se é traballador por conta propia declaracións fiscais e contas anuais dos dous últimos exercicios e datos do cónxuxe se existe. Inescusablemente deberá estar residindo legalmente no noso país para poder acceder a este servizo.

Unha vez realizada a proposta polo banco, a cal é vinculante, remítese toda a documentación á Notaría para formalizar o empréstito en documento público e, despois da sinatura, hai que aboar o Imposto de Actos Xurídicos determinados (0,5% da responsabilidade hipotecaria).

Cando se teñan realizados todos estes trámites a documentación remítese ó Rexistro da Propiedade para que, tras

Garantías que nos esixen :

■ **Hipotecaria** : quizais coa propia vivenda non se poda devolver o crédito totalmente e que isto xere xuros de demora, etc.

■ **Contratación por varios titulares** : en ocasións son varias persoas as que adquiren unha vivenda para unir e aumentar a súa capacidade económica e para demostrar un arraigamento. Teña coidado, xa que a titularidade compartida pode orixinar conflitos entre os propietarios á hora da venda (todos terán que estar acordo para vender) e cada un deles responderá polo total da contía do empréstito.

■ **Aval** : é unha figura de moito risco xa que, por medio do aval, unha persoa sitúase xunta ó debedor dun empréstito respondendo cos seus propios bens se o debedor non pode pagar dito empréstito. O banco poderá dirixirse contra o avalista directamente en calquera intre no que o debedor non pague.

■ **Seguros** : pódese esixir a contratación dalgún seguro, polo que haberá que estar atento ó custo que isto supón.

cualificar o documento, inscribíbase a hipoteca en dito Rexistro.

As comisións que se soen aboar nestes casos son as seguintes:

■ **Comisión de apertura** : que inclúe calquera gasto de estudo para a concesión, tramitación, etc. Do empréstito.

■ **Comisión de amortización anticipada** : se devolvese anticipadamente a cantidade emprestada a entidade pode cobrarnos unha comisión sobre a contía amortizada.

■ **Comisión de subrogación** : só no caso de transmitirse a vivenda e o novo titular comprométese a facer fronte á parte do empréstito non pagada.

Escolle só os seguros que necesites

No panorama financeiro español os seguros teñen unha dobre función. Por un lado teñen unha función de aseguramento de bens e capitais e, por outro, convertéronse tamén nun produto de aforro e investimento, neste caso ímonos centrar no primeiro caso.

Debemos ter claro que as entidades bancarias, os corredores de seguros ou os comerciais das compañías aseguradoras poden ofrecernos seguros, pero debemos saber que na última instancia sempre estamos contratando cunha compañía aseguradora, non co banco.

Existen multitude de tipos de seguros: de saúde, de automóbil, do fogar, de accidentes, de comunidades de propietarios... Pero todos eles non son seguros que debamos contratar obrigatoriamente. A Lei Española esixe a contratación OBRIGATORIA soamente

dunha serie de seguros:

■ **Circulación con automóbil ou ciclomotor** que cubra a nosa responsabilidade fronte a terceiras persoas (teña presente que este seguro non cubrirá os danos causados no propio vehículo nin ós ocupantes do mesmo).

■ **Seguro de incendios** á hora de realizar un empréstimo hipotecario. Pode escoller a compañía aseguradora coa que o contrata, non está obrigado a contratar coa que lle ofrecerá a entidade bancaria.

■ **Seguro de caza** e outras actividades de risco.

■ **Seguro do transporte** : á hora de realizar unha viaxe, o billete que mercamos inclúe un seguro de danos, tanto persoais como de equipaxe, con certos límites.

CUPÓN DE ENVÍO GRATUÍTO DE PUBLICACIÓNS

Nome

Dirección

C.P.

Ciudade

Provincia

Teléfono

Enviar a:
ADICAE - Galicia
Rúa Oidor Gregorio Tovar, 25 - 1º
15007 A CORUÑA

Premiamos o teu interese

Como agradecemento polo interese que mostraches, ofrecémosche gratuitamente unha selección das publicacións da nosa Asociación ADICAE-Galicia, que de seguro serán do teu interese e de gran utilidade para ti.

ADICAE-Galicia é unha asociación de consumidores e usuarios especializada en cuestións e problemas financeiros (bancos, caixas de aforros, seguros, vivenda, aforro e investimento, hipotecas, etc.) ó servizo de todos os cidadáns.

Atrévete a reclamar en Galicia


Os produtos bancarios dan problemas como calquera outro produto, comisións incorrectas, falta de información, etc. Non dubide en defender os seus dereitos e reclamar, para isto existe todo un sistema de garantías dos nosos dereitos como usuarios dos servizos bancarios e de seguros.

ADICAE-Galicia, como asociación de consumidores especializada en produtos financeiros, asesoraralle e axudaralle nas súas reclamacións ante os distintos organismos.


Se xurde algún problema co noso banco ou caixa de aforros, deberemos dirixirnos en primeiro lugar ó Valedor do Cliente desa entidade e formular unha reclamación. No caso de que non nos fixeran caso, existe a posibilidade de acudir ó Servizo de Reclamacións do Banco de España.

Se o problema xurdira coa aseguradora, deberemos dirixirnos ó Defensor do Asegurado de dita entidade. No caso de non seren atendida a nosa reclamación, o seguinte paso será acudir á Dirección Xeral de Seguros.

Reclamar en produtos bancarios:



Reclamar en seguros:



GUÍA de PRODUCTOS BANCARIOS para o INMIGRANTE



Edita:



**ADICAE
GALICIA**

Rúa Oidor Gregorio Tovar, 25 - 1º
15007 A CORUÑA
Tíno. 981 153 969
Fax: 881 927 603
E-mail: galicia@adicae.net
www.adicae.net/galicia

Esta guía foi patrocinada por:
Instituto Galego de Consumo
Xunta de Galicia: Consellería de
Innovación e Industria

As asociacións
de consumidores
como **ADICAE**
estamos para
defender os teus
dereitos,
acude a elas

Patrocinado por:



IGC - Instituto Galego de Consumo
Xunta de Galicia - Consellería de
Innovación e Industria

